



Secretaría Xeral
Expte. 216/143

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 4 de maio de 2022, ditaminou a seguinte proposta:

UNICO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2021. EXPTE. 216/143 (EXPEDIENTE PLENO 3389/1101).

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, emite voto ponderado de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 1.07.19, e por cinco votos a favor do Grupo Municipal Socialista, un voto en contra do Grupo Municipal do Partido Popular e unha abstención do grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo), eleva ó Pleno do concello a seguinte proposta:

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2021, e rendida polo Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente, ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte ditame:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2020), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 44.003.367,85 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 735.555,19 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 5.956.296,41 euros e 6.046.394,74 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 45.601.430,21 euros na Entidade é 47.283.100,74 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF dos anos 2008/2009 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2022, por una contía de 45.260,92 euros e 175.909,67 euros respectivamente de cada ano.
- e) Ditaminar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/07/2022 09:15 | Páxina 1 de 2 |
| 216-143 | CSV: AEADAF-D98CB2-C649A2-NUYTPP-KMA5WK-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

2021, composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balance.
 - Conta de resultado económico-patrimonial.
 - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
 - Estado de fluxos de efectivo.
 - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
 - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2021.
- f) Unha vez ditaminada, someter a mesma aos requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3, e 4 do TRLRFL e a Lei galega.

De non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polas polos Acordos do Pleno do Tribunal de: 30 de xuño de 2009, 20 de xullo de 2010, 3 de maio de 2011, 26 de novembro de 2015, 31 de maio de 2016, 31 de marzo de 2017, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

Texto consolidado aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas de 16 de decembro de 2019, aplicable á rendición de Contas Xerais a partires da correspondente ao ano 2019.

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.”

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.

sc



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/07/2022 09:15 | Páxina 2 de 2 |
| 216-143 | CSV: AEADAF-D98CB2-C649A2-NUYTPP-KMA5WK-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |